

THE SWEET EAST

Sean Price Williams, 2023

1358

ESTREA EN NUMAX: 13.08.2024 | V.O.S.E. | +16 | 106 min

Lillian, unha moza estudante de instituto, foxe durante unha excursión escolar. Nesta picaresca viaxe que nos recorda a un conto de fadas ou a unha pícara Alicia no País das Marabillas, a moza descubrirá un mundo sorprendente. Benvidos a América!

«É divertida e ardente, intelixente e parva, unha pasada total»

Rory O'Connor, THE FILM STAGE



Entrevista con Sean Price Williams: «O filme trata moito sobre a alienación»

Por Ignasi Franch

Lin que quería que o seu filme fose unha comedia, pero que durante o seu percorrido por festivais internacionais non estaba seguro de conseguilo... É verdade. Divertímonos mentres o faciamos, criamos que incluía boas bromas, pero non tiven claro se a xente de Cannes entendera que era unha comedia. Teño que dicir que tampouco riu ninguén cando llela ensinei por primeira vez aos meus amigos durante o proceso de edición. E pensei: que fixemos? E as dúbidas mantivéronse ata que a proxectamos en Nova York.

Di que non quería facer un filme cínico, pero a relación entre o mundo que amosa e a audiencia que o recibe é ese personaxe que pode ser moitas cousas, tamén cínico, e quizais iso se preste a confusión. Si, é un pouco contradictorio. Creo que non hai que querer ser cínico, pero entendo que é unha defensa moderna para soportar os tempos, especialmente para a xente nova. Esperemos que iso non implique que non sintan nada, esperemos que podan seguir comprometéndose con algo, pero creo que un pouco de cinismo é case necesario para sobrevivir.

Lillian resulta un pouco inescrutable. Outro personaxe, Mohammed, di que todo é unha broma para ela. Si, entrar na súa cabeza é un pouco difícil. Ao comezo do filme mírase no espello. É como se soubese que empeza o seu filme, que a estamos mirando, e comezase a actuar para nós. Actúa para os homes que encontra, pero tamén para o público. De feito, mira a cámara varias veces.

E que imaxinaban Pinkerton [guionista] e vostede sobre ela? Porque a miúdo as imaxes non o deixan claro... Non sei que dicirche sobre iso. Talia Ryder é a que converte o personaxe en algo vivo. Cando Nick escribiu o guión, ela quedaba como unha interrogante pendente. Era o primeiro guión de Nick e eu tampouco dominaba esa parte do proceso de preparación dun filme. Nós coñeciamos os personaxes masculinos máis que a ela, claro, e contabamos con encontrar esa rapaza que convertese o personaxe en alguén real e contemporáneo. Estabamos abertos a ser mixificados por unha intérprete moi intelixente que fixese as conexións oportunas. Agora non imaxinamos o personaxe doutra maneira.

O filme parece ser unha mirada propia a unha sensación de colapso: grupos confrontados, armas de fogo, clandestinidade... Si, ao final hai un gran colapso, probablemente causado por algún dos grupos cos que a protagonista se foi encontrando. Fixemos que eses personaxes fosen basicamente pallasos, que loitan por algo, pero que non poden ser tomados demasiado en serio tal e como os retratamos.

E como miras todo isto? Porque o filme ás veces soa burlesco, ás veces soa elexíaco... Un dos problemas do noso tempo é que a xente se toma demasiado en serio a si mesma e as súas conviccións, e iso é un pouco perigoso. Así que buscamos intencionalmente que os personaxes parecesen un pouco indefensos, un pouco parvos. O guión de Nick presentaba uns fundamentalistas islámicos máis unidimensionais, que adestraban con armas nos bosques, pero eu engadí a parte do baile e a música electrónica, para convertelos en xente perdida que se sente desconectada do resto do país, que veu a América coas súas familias e se sente alienada. O filme trata moito sobre a alienación.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Alicia en el país de las maravillas,
Lewis Carroll.
Penguin Clásicos, 2016

Por qué se rompió Estados Unidos,
Roger Senserrich.
Debate, 2024

Alienación y aceleración,
Hartmut Rosa.
Katz editores, 2016